


## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

27-28 de febreiro do 2021

### II DOMINGO DO TEMPO DE CORESMA



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Andarei na presenza do Señor*

#### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para vivir este tempo da Coresma en familia. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

En todos estes días de coresma seguimos preparándonos para a Pascua. Damos un pasiño máis neste noso camiño.

Hoxe, queremos falar do camiño de ORAR, de FACER ORACIÓN. Necesítamolo para ter grande o noso corazón, ser un pouco mellores e ir camiñando cara a Pascua ata asemellarnos a Xesús.

Despois das dificultades, o deserto e as tentacións que contemplamos en Xesús fai oito días, hoxe ven a luz, a transfiguración, que nos fai transformarnos para cambiar o mundo e a sociedade na que vivimos.

Non podemos, coma Pedro, querer quedarnos calmos e felices nós sos, conformándonos: “fagamos tres tendas”.

**Celebrante** *Con Xesús queremos orar, pero non vale de nada facelo só con palabras cheas de rutina. Rezar é dialogar, é falar con Xesús, en calquera sitio, a calquera hora. El sempre está á nosa beira.*

*Queremos enchernos da vida da Pascua, deixemos que Deus Pai e Nai, nesta coesma, arrinque todo o que ten de rutina a nosa oración.*

*Destas cousas queremos pedir perdón:*

### **Monitor/a**

➤ Perdoa, Señor, as veces que non facemos máis que criticar o que os demais fan mal, e non miramos para nós mesmos.

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

➤ Perdoa, Señor, as veces que non somos quen de escoitar a quen ten razóns para sentirse abandonado

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

➤ Perdoa, Señor, as veces que camiñamos na vida sen alento, sen ánimo, e sen facer nada máis que queixarnos.

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

**Celebrante** *Sempre vale a pena pedir perdón de verdade, arrepentirnos e facer cousas que demostren ser mellores.*

*Deus Todopoderoso teña misericordia de nós porque somos capaces de recoñecer o noso pecado, e así esta nosa oración alenta no camiño que fai posible perdoar e sentirse perdoado.*

**(Facemos un pequeno silencio)**

*Sentimos, Pai, á nosa beira a túa man chea de agarimo, e co teu perdón faranos merecentes de compartir o teu Reino por sempre eternamente. Amén.*

### **ORACIÓN PROPIA DO DÍA**

**Celebrante** *Con esta oración pedimos ao Pai que nos dea forzas para afrontar este camiño de coesma que estamos a facer cara a Pascua de Xesús.*

**(silenzo)**

### **Celebrante**

Deus, Noso Pai, ti mandáchesnos escoitar ao teu Fillo benquerido. Alimenta coa túa palabra a nosa fe e alenta o noso corazón co teu espírito, para que un día poidamos desfrutar da contemplación da túa gloria.

Pedímoscho, por Xesucristo, a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

## **2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS**

**(sentad@s)**

preparámonos para escoitar a palabra de Deus

## Monitor/a:

*Un bo xeito de facer oración é empregando os textos da biblia. É o que agora facemos.*

*Deus fálanos das súas cousas, e hoxe a lectura do apóstolo anímanos dicindo “Deus está con nós”, que máis se pode pedir?*

*No evanxeo seguimos a Xesús. Os seus pasos transfiguran a vida; os seus pasos levan a que subamos con alento e sen medo as dificultades que atopamos cada día; e os seus pasos levan a que baixemos á realidade da vida para chegar á Pascua.*

*Leccionario II B páx 63 Rom 8, 31b-34 LECTURA*

## LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS ROMANOS

**Irmáns e irmás:**

**Se Deus está connosco, quen contra nós?. Aquel que non aforrou a seu propio Fillo senón que o entregou por todos nós, como non nos vai regalar todo xunto con El?**

**Quen acusará aos escolleitos de Deus? -Sendo Deus o que perdoa, quen os vai condenar? Cristo Xesús, o que morreu, mellor, o que resucitou, o que está á dereita de Deus e que intercede por nós?.**

**Palabra do Señor**

## ♪ 41 ♪ *Quen nos vai separar* SALMO

*(en pé) Leccionario II B páx 64 Mc 9, 2-10 EVANXEO*

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, colleu Xesús a Pedro, Santiago e Xoán, e subiu con eles sos ao coto dun monte. Alí transfigurouse na súa presenza. Os seus vestidos viráronse resplandecentes, brancos coma ningún bataneiro do mundo os podería branquexar. Nisto apareceron Elías e máis Moisés, e estaban a falar con Xesús.

Pedro, tomando a palabra, díxolle a Xesús:

- ¡Mestre, que ben estamos aquí! Imos facer tres tendas: unha para ti, outra para Elías e a outra para Moisés.

Tan asustado estaba, que non sabía o que dicía. E unha nube cubriunos coa súa sombra, mentres saía dela unha voz:

- Este é o meu fillo benquerido, escoitádeo.

E de súpeto, mirando arredor, xa non viron a ninguén, fora de Xesús. Cando baixaban do monte, Xesús encargoulles que non contasen nada ata que o Fillo do Home resucitase de entre os mortos.

Eles colleron ben o aviso; pero empezáronse a preguntar uns a outros o que quería dicir aquilo de "cando resucite de entre os mortos".


**Palabra do Señor**



(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

2º de CORESMA

# ORACIÓN - ORAR



Orar é o acto de abrir o noso corazón a Xesús como a un amigo, un diálogo íntimo con Xesús.

Sempre ten que ser voluntariamente, pódese facer en calquera sitio e en calquera momento, pois El sempre está a nosa beira.

Todos os días lendo un texto ou simplemente charlando das nosas cousas con Xesús.

**Tesalonicenses 5, 16-18**  
Estean sempre alegres, oren sen cesar, dean grazas a Deus, porque é a súa vontade.

Necesitamos orar, pero non vale de nada facelo só con palabras cheas de rutina. Rezar é dialogar, é falar con Xesús, sabendo que está á nosa beira.

Hoxe falámoslle do que nos gusta:

- e gústanos como moita xente se está cuidando con responsabilidade
- e gústanos que poidamos, por fin, desprazarnos para atoparnos con algúns dos nosos seres queridos
- e gústanos o traballo calado de tanta e tanta xente que fai posible a nosa dignidade vital nestes momentos tan raros que estamos vivindo

E falámoslle tamén do que non nos gusta:

- e non gusta que a xente nova non poida desfrutar con normalidade da súa xuventude
- e non gusta que moita xente maior se estea sentindo esquecida para todo e por todos
- e non gusta que queiran destrozarmos a Serra do Suído con parques eólicos e canteiras
- e non gusta a desigualdade tan grande que hoxe aínda hai para moitas mulleres e nenas
- e non gusta a situación laboral e a falta de traballo na que se está atopando moita xente
- e non gusta o xeito de tratar aos refuxiados
- e non gusta ...

Orar é poñerse mans aos feitos para tratar de facer mellor as cousas. É hora de FACER oración.

(en pé)

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** *Neste encontro familiar, sabendo Señor que Ti sempre estás á nosa beira, queremos facer camiño de coresma para á Pascua. Dicimos.*

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

### ***Monitor/a***

Crede en Deus PAI-NAI  
que nos convida a escoitar ao seu fillo benquerido?

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Crede en Xesús,  
o seu fillo benquerido,  
que no coto dun monte amosa toda a súa gloria,  
e que nos encamiña ao seu encontro?

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Crede no Espírito de Deus  
que nos pon no camiño que vai da coresma á Pascua,  
e que nos alenta para subir as costas  
cando a vida se enche de atrancos?

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Crede na igrexa,  
comunidade que peregrina cara á Pascua,  
cara á Vida, cara á Resurrección?

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Señor, dende o fogar, e coas xentes que formamos a comunidade de Os Cotos queremos compartir esta oración, estes desexos, este xeito de vivir, por iso dicimos: PAI, ACHEGÁMONOS A TI*

### ***Monitor/a***

✓ Para que na Igrexa asumamos ser unha Igrexa sempre cos pés no chan e o corazón no Evanxeo, para deste xeito facernos cribles. Oremos

✓ Por nós, para que non caemos as desigualdades porque cada vez que miramos para outro lado facémonos cómplices. Oremos

✓ Por todas as persoas que nos reunimos aquí para rezar, e por todas as que noutros momentos estarían con nós. Botámolas de menos, pero entendemos que por responsabilidade prefiren non estar. Oremos

✓ Polas mulleres ás que non se lles deixa vivir con dignidade, e sofren mal trato no fogar, na economía, no mundo laboral, na propia igrexa. Oremos

✓ Por todos nós, que despois de un ano seguimos un pouco asustados con todo isto da COVID-19, e por todas as persoas que traballan no eido da saúde. Oremos

**Celebrante:** *Grazas Señor porque hoxe, coma sempre, estás á nosa beira escoitándonos e acolléndonos. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

### 3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

#### NOSO PAI

**Celebrante:** *Imos facer agora oración como Xesús nos aprendeu.*

*El ensinounos a rezar sen medos ao Deus que é PAPÁ. Que sempre o fagamos sendo conscientes de que coa oración nos pomos nas súas mans.*

*Coas nosas abertas pousamos nas súas estas palabras:* NOSO PAI

#### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *A paz dá sentido a unha familia que sabe que Xesús está no medio dela, facéndoa acolledora con todos. Agradecidos rezamos porque estamos invitados, e é o Señor quen nos convida.*

#### NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

**Celebrante:** *Compartir a fe é comprometer a vida en construír un mundo que non camiñar da coresa que quiere amar e facer ben aos demais, empezando por ser coidadoso con un mesmo.*

*Ditosos nós que hoxe somos acollidos e convidados a facer crible este EVANXEO do Señor.*

🎵 **No colo da miña nai ou Non vou só**

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Oremos,

a Ti Señor, seguros da túa bondade dámosche grazas porque ao compartir a vida do teu Fillo fasnos partícipes, xa aquí, dos bens eternos do teu Reino.

Dámosche as grazas a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén

*Con Xesús queremos subir a montaña para achegarnos ao Deus que nos ama e acolle.*

*Con Xesús queremos sentir o acougo de quen se queda con nós, nos ensina e se fai irmán á nosa beira.*

*Con Xesús queremos abaixarnos, queremos achegarnos á vida auténtica porque non podemos fuxir da realidade dos refuxiados, da realidade da desigualdade e da violencia de xénero, da realidade da dor e da necesidade na que nos pon esta pandemia.*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*





“É o meu Fillo, ESCOITÁDEO”  
*Palabras no evanxeo de hoxe*



Domingo 2º de Coresma:  
**Oración: Unha esperanza luminosa**

Querido Xesús, sobes con Pedro, Santiago e Xoán ao monte da oración, do encontro e da escoita, para mostrarnos que a cruz é camiño de resurrección e fortalecernos coa túa Palabra e a túa presenza luminosa.

A nós cústanos deixar a seguridade da nosa casa e ascender á montaña; supón abandonar a comodidade e esixe esforzo.

Xesús, neste tempo, ás veces tan escuro e contaminado, necesitamos da túa luz, precisamos atoparnos cada día contigo, para cargar as nosas baterías cansadas da túa luz que nos transfigure en crentes vivos, activos e luminosos.

Xesús, tamén hoxe nós dicímosche: “que ben se está contigo!”, que alegría escoitarte e deixarnos acender pola túa luz. Sostén a nosa fe nos momentos nos que vivimos de dúbida, monotonía e sufrimento.

Ilumínanos o corazón para que nos convertamos en persoas cribles que, baixando ás nosas rúas, sementemos a esperanza luminosa que vén de ti.